

Mi mamá está en América y ha conocido a Buffalo Bill · Jean Regnaud (guión) e Émile Bravo (ilustracións) · Ponent Mon, 2008 · 112 páx · 18 euros



DESEÑADO POR Émile Bravo sobre un guión de Jean Regnaud, *Mi mamá está en América y ha conocido a Buffalo Bill* é un tenro retrato da infancia conseguido de maneira brillante a través do cal o lector regresa, da man do pequeno Jean, ao momento no que perdemos para sempre a inocencia.

Os primeiros días de escola de Jean, coma os de todos nós, supoñen tamén os primeiros pasos dados fóra do refuxio familiar e un esforzo por comprender o mundo e a quen o mora. Pero, sobre todo, abren posibilidades infinitas de aprendizaxe que nos afastan, en certa medida, da inocencia da primeira infancia. Todas estas circunstancias, incluída a reflexión sobre o poder que outorga o coñecemento dos códigos da escrita, serven de marco para esta historia sinxela e conmovedora, naif ben ponderada, na que, sempre dende o punto de



Viñeta de *Mi mamá está en América y...* // **Émile Bravo**

vista do neno, somos arrastrados pola pregunta que aguilloa ao protagonista: onde está miña nai?

Este punto de partida sèrvelles aos autores para crear unha narración fóra do común. Dende o punto de vista gráfico atópase a medio camiño entre a ilustración e a maneira de contar do cómic. Preséntanse páxinas enteiras nas que unha soa viñeta sen bocadillos, ou con iconas que substitúen o texto deles, son instrumentos dabondo útiles para contar, empregando así distintos niveis de narración. As cores vivas, os trazos grosos dos debuxos e esa substitución do texto por imaxe reforzan o mundo infantil no que a historia

se move. O texto é exacto, mínimo, cheo de expresividade e complemento ideal dunha imaxe que medra nos silencios. Unha pequena xoia na que nada sobra e todo se mide con precisión de maquinaria suíza.

Mi mamá está en América y ha conocido a Buffalo Bill presenta en catorce capítulos, con cadanseu interludio e un prólogo, o cambio que se produce no neno nesa etapa da vida na que se rompen as primeiras ilustracións. As elipses temporais evidenciadas en cada capítulo van marcando esa maduración de Jean, e fiando tamén unha historia que nos levará ao momento do clímax, onde todo se dispón de maneira que Jean co-

ñece a resposta á súa pregunta, así como outras que fan que o mundo da imaxinación infantil se esboroe. Finalmente, e evitando deixar na boca ese sabor de derrota, a obra péchase cun prólogo resolto de maneira sinxela e eficaz, no que se representa a apertura dunha nova etapa e a continuidade da vida.

Un cómic máis que recomendable, escrito e debuxado en admirable conxunción de artistas, e, en fin, unha gran obra que destaca precisamente pola súa aparente sinxeleza. // **M. L.**

Barsowia 11 · VV. AA. · Colectivo
Polaqia, 2008 · 100 páx · 5 euros



A BRILLANTE CAPA ategada de rostros que asina Roque Romero abre este novo número da revista galega de banda deseñada Barsowia, unha publicación do colectivo Polaqia editada en branco e negro e capa branca que opera coma un escaparate do que se está a facer aquí e do outro lado do Miño. Mágoa da cualidade